

Paulino e Francisco Yáñez Lage ou Rosendo Silva Álvarez, entre outros, que acudirían á Exposición Universal de París de 1889.

A monumentalidade da arquitectura ecléctica parisiense debeu engaiola-los próceres vigueses, porque en 1897 Pacewicz chegou a Vigo en barco con varios proxectos xa redactados, como a casa para Joaquín Acuña Seoaje –hoxe Banco de Galicia–, o edificio para Manuel Bárcena Franco –coñecido como hotel Moderno– ou a Escola de Artes e Oficios –promovida polo filántropo José García-Barbón–, entre outros.

O feito de que Pacewicz en España carecese de titulación levouno a que os seus planos moitas veces tivesen que ser asinados por outros arquitectos ou mestres de obras, como Dimas Valcorba, Siro Borrajo Montenegro ou Jenaro de la Fuente y Domínguez.

En 1903, co traballo garantido, casou coa francesa Anne Marie Traber e pasou a fixa-la súa residencia definitiva en Vigo, onde desenvolveu o seu traballo profesional ata a súa morte, acaecida o 2 de febreiro de 1921, ós 78 anos de idade, despois de vivir en Vigo 17 de brillante actuación arquitectónica.

A influencia neomedievalista e sobre todo do consagrado arquitecto francés Eugène Emmanuel Viollet-le-Duc foi definitiva nos seus comezos e estudos arquitectónicos. Esta pódese comprobar nalgunhas obras realizadas en Vigo en estilo neogótico, como a Escola de Artes e Oficios, a casa dos Yáñez, a vivenda de Rosendo Silva, o Círculo Católico de Obreiros ou o proxecto –finalmente non realizado– de vivendas para José García-Barbón. Por outra banda, Pacewicz exhibiu tamén os seus mellores dotes

artísticos dunha arquitectura ecléctica de indubidable carácter francés, como se aprecia na ornamentación rococó, principalmente no hotel Moderno e nas casas de vivendas para Benito Sanjurjo da praza de Compostela e da rúa Urzaiz. O influxo da tradición *beaux-arts*, a corrente de máis poderosa influencia no continente europeo durante o século XIX, coa cosmopolita e elegante arquitectura de Michel Pacewicz, embelece as rúas da cidade de Vigo.

Nas súas obras utiliza con frecuencia o almofadado. Os canzorros e as cartelas decórasos con esmero. Emprega moito a balaustrada pétreo e a carpintería de madeira de ocas e galerías adáptase ó resto da arquitectura formando un conxunto harmónico. Por riba da cornixa xorde unha parte decorativa moi importante: bufardas, frontóns, arcadas, óculos, volutas, etc.

Os magnates vigueses non se conformaban só coa obra de Jenaro de la Fuente, oito anos máis novo ca Pacewicz, que acaparaba a maioría dos proxectos que se facían en Vigo; querían para a cidade unha arquitectura distinta, máis internacional e fastosa. O arquitecto francés non defraudou a súa clientela, xa que a súa obra é grandiosa, selecta, grácil e variada. O emprego do material granítico realzo a prestancia das súas obras e, á súa vez, os canteiros galegos souberon interpretar na pedra do país as complicadas formas historicistas ou barrocas rococós de Pacewicz.

A obra máis importante deste arquitecto en Vigo e tamén a máis afrancesada é a coñecida como hotel Moderno, que na súa orixe constituíu unha edificación de vivendas para o conde de Torrecedeira, Manuel Bárcena Franco. O proxecto é de

1897 e debeuse rematar en 1902; o edificio sitúase no número 1 da rúa Policarpo Sanz facendo esquina coa Carral, case na Porta do Sol.

Outras obras de grande interese da autoría de Pacewicz son, por orde de construción, a casa para Joaquín Acuña Seoaje, onde actualmente está asentado o Banco de Galicia–, no número 23 da rúa Policarpo Sanz; a Escola de Artes e Oficios impulsada por José García-Barbón; a casa para Salvador Aranda Graña, na rúa Concepción Arenal; a casa de Paulino Yáñez, na praza de Compostela, coa súa impresionante galería gótica de madeira; as casas de Oya –hoxe ocupadas por un hotel da cadea NH–, na rúa García Barbón; a casa para Benito Sanjurjo, no número 20 da praza de Compostela; a casa para Rosendo Silva, na mesma praza facendo esquina con Concepción Arenal; ou o conxunto de sete casas que vai do número 11 ó 23 da rúa Urzaiz, promovidas todas elas por Benito Sanjurjo entre os anos 1903 e 1912, entre outras obras que realizou en Vigo e mesmo en Tui. (Xaime Garrido)

PACHECO, Jaime. Fotógrafo, cuxo nome completo é Jaime de Sousa Guedes Pacheco. As súas orixes familiares hainas que situar na localidade portuguesa de Freixo de Espada á Cinta (en Tras os Montes), no ano 1878.

Se se ten en conta a biblioteca que actualmente aínda conserva o seu fillo Alberto, con obras de Eça de Queirós, Almeida Garrett, Guerra Junqueiro, Castelo Branco..., pódese deducir que a orixe dos Pacheco se alicerzaba nunha familia de clase media acomodada, que o tempo fixo devalar, motivo polo que é posible que Jaime Pacheco se vise obrigado a toma-lo camiño da emigración. En calquera caso, a súa marcha foi precedida pola do seu irmán maior, José, que instalou un estudo fotográfico na cidade de Ourense. Aquí, e se cadra atendendo á chamada de José, Jaime incorporábase á actividade fotográfica. Con todo, se se toman como referencia unhas notas manuscritas nun pequeno caderno, o Ourense de comezos do século XX afe-rollaba os seus desexos de liberdade, polo que, ó longo dos anos 1900-05, percorre Portugal efectuando proxeccións de cine, cun cinematógrafo adquirido co diñeiro dunha herdanza que recibira Francisco A. de Nóvoa, amigo de José Pacheco. Cidades portuguesas como Braga, O Porto ou Lisboa serán testemuñas desta actividade. Á volta desta estada e consonte os sentimentos que nel insería Ourense, decide establecerse en Vigo. Aquí existía unha galería fotográfica, Fotografía Italiana. Prospero y Señora, que Filippo Prospero e a súa dona Cándida Otero fundaran ó redor do ano 1870. Co falecemento de Prospero, en 1899, Cándida rexentará a galería co nome de Viuda de Prospero. En 1907




Escola de Artes e Oficios de Vigo deseñada por Michel Pacewicz.

prodúcese a asociación entre a viúva e Pacheco, nacente así a sociedade Pacheco y Viuda de Proserpi. O falecemento desta última, en 1915, fará que o estudo adquira o nome definitivo de Fotografía Pacheco, que conservará ata o instante da súa desaparición.

A partir deste momento, Fotografía Pacheco comeza a constituírse en referencia obrigatoria da evolución fotográfica viguesa. A chegada dos sobriños, Horacio e César Pacheco, contribuírá a fortificar-la galería. Mentres César leva a cabo traballos de retoque, ó pé de Emilio Nogueira, Horacio documenta unha boa parte das reportaxes de rúa, unha tarefa que reparte con Amoedo que, ó mesmo tempo, desenvolve tamén labores no laboratorio, onde, asemade, coopera o andaluz Ricardo. Este conxunto de persoas, traballando como unha maquinaria coordinada, consegue unha proxección pública que se concretará nun longo renegue de publicacións de variado tipo—quer en volumes ocasionais, que hoxe se lle chamarían libros de agasalho, quer en publicacións periódicas—, así como nun interminable rexistro retratístico e documental da sociedade viguesa. Así van aparecendo *Catálogo de Vigo (Vigo a través de un siglo)* [1922], *Vigo en 1927 (Los valores y la actualidad viguesa)* [1928] ou *La Escuela Naval Militar de Marín*, todos eles publicados en Vigo, nos estudos do editor José Cao Moure; a estes haille que engadir *Pontevedra y su provincia artística e industrial*, que o impresor J. Barrera Gómez dará á luz en 1922 en Talleres Tipográficos de la Papelería Sevillana, traballo no que Pacheco é coautor das fotografías, xuntamente con Pintos, Sarabia e o propio J. Barrera.

Ó pé destes traballos, o labor de Fotografía Pacheco atínxe, segundo se vén sinalando, un abondoso campo documental nas súas vertentes social e familiar. Nun proceso catalogador inesgotable, a galería irá reflectindo os trocos urbanísticos que sofre a cidade viguesa, así como o retrato de diversos persoeiros pertencentes ás clases dirixentes ou simplemente desafogadas, ó carón de persoas notables do territorio cultural. Póden-se ver aperturas de rúas; panorámicas dunha ribeira hoxe inexistente; predios notables que o tempo ou a asneira danaron; peiraos ategados de emigrantes; visitas de aviadores de sona; repatriacións de tropas que chegan da desfeita colonial africana; actividades pesqueiras no Berbés; retratos de Castelao, Mirambell, Cabanillas, Soutullo, Viondi ou Maside; líderes sindicais —a foto inesquecible, co puño en alto, dos dirixentes de Uníón Hermanos Proletarios (UHP)—; grupos de músicos; familias numerosas; traballadores da fundición; mulleres conserveiras; e sociedades culturais e deportistas, entre outras. *Faro de Vigo, El*



Unha imaxe de Vigo, no ano 1925, procedente do estudo Fotografía Pacheco.

Pueblo Gallego, Vida Gallega, Blanco y Negro ou *ABC* acollen as fotografías dun estudo que, no futuro, verá ampliados os seus efectivos humanos co nacemento dos fillos Jaime (1916) e Alberto (1923). Xustamente Jaime, con menos de vinte anos, participará como fotógrafo na Guerra Civil.

O labor fotográfico dos Pacheco continuará despois da vitoria da sublevación militar. O testemuño fotográfico que recollen daquel tempo dramático resulta, por veces, estarrecedor: ximnasia nos que reparigas se exercitan, presididos pola cruz gammada; a simboloxía nazi na praza do Obradoiro; os desfiles militares... e outros actos e símbolos que documentan o tempo do silencio. Despois da morte de Jaime, acontecida en Vigo no ano 1954, os seus fillos continuarán a ruta fotográfica ata o peche definitivo do estudo, que tivo lugar na última década do século XX. (Véfor Vaqueiro)

PACHECO, José. Músico nado en Mondoñedo (Lugo) o 15 de decembro de 1784. O seu nome completo, segundo aparece na partida de defunción, era José Basanta Fernández Pacheco. O apelido Pacheco, co que se coñeceu e co que aparece citado por primeira vez nas actas capitulares do cabido de Mondoñedo, era o segundo da súa avoa paterna, a cal o coidou ata o momento do seu ingreso como neno do coro da catedral mindoniense o 6 de febreiro de 1795.

Un ano despois de morre-la súa avoa, o cabido faise cargo do rapaz confiándolle a súa custodia a un cura francés que voluntariamente se ofrece para ensinarlle latín e encargarse da súa educación e instrución, mentres que as correspondentes ensinanzas musicais corren a cargo do mestre de capela Ángel Custodio Santavalla.

A súa propia valía maila protección que lle dispensaba o cabido —era, ademais, afillado dunha das autoridades, do arce-diago da Azúmara— permitíronlle prosperar no eido musical.

Cando contaba con vinte anos, aínda continuando como neno do coro e con catro reais diarios de salario, substitúe o mestre Santavalla na dirección da capela e pouco a pouco vai asumindo tódalas responsabilidades do cargo, como o ensino e o coidado dos nenos do coro, a composición das panxoliñas, a súa dirección, etc. O cabido decide ampliar-la súa formación a principios de 1805 e envía a Santiago de Compostela a estudar con Melchor López Jiménez, por aquel momento no cume da súa fama. Cando regresa a Mondoñedo leva diversas copias dalgunhas obras do seu mestre, como a famosa “Misa de difuntos” e, segundo Tafall, tamén o volume orixinal das misas de Melchor López. Non obstante, este libro non apareceu no arquivo da catedral de Mondoñedo.

Deste xeito, ó falecer Santavalla —o 15 de novembro de 1805—, Pacheco era de facto xa mestre de capela; por iso o cabido ó formular ese mesmo Nadal a posibilidade de convocar oposicións para cubri-la vacante, o mesmo prelado da diocese suspende a convocatoria. En xaneiro do ano seguinte Pacheco volve solicita-lo permiso para trasladarse a Santiago de Compostela, pero non consta en ningunha parte que así o fixera, pois o día 5 de febreiro de 1806 concédeselle a praza de Mondoñedo en propiedade, despois de competir con outros 10 candidatos. Esta oposición *preparada* provocou a reacción dalgunos capitulares e o preito chegou ata os tribunais da Real Audiencia. En 1908 José Pacheco ordénase de menores para librarse, segundo